

AS COUSAS DA NOSA ESCOLA



JOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO
1914-1990

17 DE MAIO DE 2014

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

SUMARIO

SUMARIO	3
EDITORIAL	4
AS NOSAS FESTAS	5-8
DÍA DAS LETRAS GALEGAS	9-10
PREMIOS LITERARIOS	11
COLABORACIÓN	
EDUCACIÓN INFANTIL 3 ANOS	12-15
EDUCACIÓN INFANTIL 4/5 ANOS	16-19
1º DE PRIMARIA	20
2º DE PRIMARIA	21-22
3º DE PRIMARIA	23-24
4º DE PRIMARIA	25-26
5º DE PRIMARIA	27-28
6º DE PRIMARIA	29-30
ACTIVIDADES CULTURAIS	31-34
ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA	35-37
VIAXE A CANTABRIA E ASTURIAS	38
SIMULACRO DE EVACUACIÓN	39
ACTIVIDADES DEPORTIVAS	40-41
ORLA DE GRUPO	42

EDITORIAL

Facendo unha breve reflexión sobre a importancia que ten a vosa implicación diaria coa escola, lévame a afirmar que falar da familia e da escola é falar, en primeiro lugar, da responsabilidade dos pais na educación dos seus fillos, e, en segundo lugar, da necesidade dunha colaboración estreita entre os pais e os educadores. A participación dos pais na educación dos seus fillos é esencial e fundamental, pois son eles os que poñen a primeira pedra deste edificio que marcará o futuro de cada ser humano.

A educación é un proceso moi longo que comeza sendo impartida pola familia e complétase na escola pero necesítanse ambas partes para acadar o pleno desenvolvemento educativo e persoal do neno.

A familia e a escola deben compartir ese obxectivo de tan alta responsabilidade como é a formación integral e harmónica dos nosos nenos e nenas; axudar a que saiban que facer co que saben, a que aprendan a traballar en equipo, a que sexan conscientes da importancia do traballo ben feito e a que se convirtan en boas persoas.

Quero deixar constancia dunhas verbas do filósofo e pedagogo, José Antonio Marina, que recordo desde os meus tempos mozos na universidade “É imprescindible unha mobilización educativa da sociedade, que retome o espírito do vello proverbio africano que determina que **para educar a un neno fai falta a tribu enteira**”.

Hai tres clases de escolas: As que fan que as cousas ocorran, as que esperan a que as cousas ocorran e as que se sorprenden de que as cousas ocorran. Para ser das primeiras

precisamos da colaboración das familias nesta complicada pero grata labor de educar que consiste en traballar co presente para construír o futuro.

LETRAS GALEGAS 2014



O día das LETRAS GALEGAS dedicouse este ano a **José María Díaz Castro**.

José María Díaz Castro naceu en Guitiriz en 1914 e faleceu en Lugo en 1990. Ingresou no seminario de Mondoñedo no ano 1929 aínda que non chegou a ordearse. Foi profesor en Madrid lugar ao que se trasladou no ano 1948. Debido aos seus coñecementos de idiomas traballou como tradutor no Instituto de Estudos Hispánicos e no Ministerio do Interior. Foi autor dunha única obra, o poemario *Nimbos* (1961), no que destaca a súa preocupación por Galicia e os problemas básicos do ser humano, a vida, a morte e o tempo.

Presentámovos a revista correspondente ao curso 2013-2014. Esperamos que gocedes tanto léndoa como nos disfrutamos facéndoa.

O DIRECTOR
Rafa Rodríguez Martín

As Nossas Festas

Festa do Outono

O dia 30 de outubro celebramos o Halloween e o dia 08 de novembro o Magosto, enmarcadas, ambas a dúas, na Festa do Outono.



O NADAL

O día 19 de decembro visitounos Papá Noel e o día 20 celebramos o Festival de Nadal.



DÍA DA PAZ

O 30 de xaneiro conmemoramos o Día da Paz e a Non Violencia. Confeccionamos un mural co lema: A PAZ COMEZA CUN SORRISO, así como un banderín por alumno coa palabra PAZ en múltiples idiomas. A continuación tivo lugar a entrega de premios aos traballos gañadores do concurso CONTOS POLA PAZ e os xa clásicos xogos cooperativos por equipos.



O ENTROIDO

O 27 de febreiro tivemos unha degustación de postres de entroido doados polas familias. O día 28 celebramos o desfile de disfraces. O núcleo temático deste ano foron "OS OFICIOS".





DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O 16 de maio celebramos o Festival das Letras Galegas. No intermedio das actuacións entregáronse os premios correspondentes aos XOVES OLÍMPICOS E CAMPIONATOS DE XADREZ. Á terminación do mesmo tivo lugar a entrega de premios aos gañadores do Concurso patrocinado polo Concello.





Premios Literarios

TRABALLOS PREMIADOS NO CERTAME ESCOLAR 2014 "CONCELLO DE CERCEDA"

MODALIDADE POSTAIS

1ª CATEGORÍA: Educación Infantil

- **1º PREMIO:** **INFANTIL 4-5 ANOS (COMPARTIDO)**
- **2º PREMIO:** **INFANTIL 3 ANOS**

2ª CATEGORÍA: Primeiro Ciclo de Primaria

- **2º PREMIO:** **RODRIGO RODRÍGUEZ LAMAS**

MODALIDADE "VERBAS PARA UNHA LINGUA"

1ª CATEGORÍA: 2º Ciclo de Primaria

- **2º PREMIO:** **SERGIO QUEIJO VIÑA**
- **3º PREMIO:** **AIDA DEL RÍO SANTA CLARA**


2ª CATEGORÍA: 3º Ciclo de Primaria

- **1º PREMIO:** **ELISA CASTRO POMBO**

COLABORACIONES

EDUCACIÓN INFANTIL 3 AÑOS

NA CLASE DE TRES ANOS APRENDEMOS MOITAS COUSAS DO
ARTISTA **VINCENT VAN GOGH**:




Vincent
van Gogh

NACEU EN HOLANDA NO ANO 1850. ERA UN NENO DE OLLOS GRANDES E
CABELO VERMELLO. O MAIOR DE SEIS IRMÁNS.

NO COLEXIO ERA MOI ATENTO, CALADO E OBSERVADOR. ENCANTÁBALLE
PASEAR POLO CAMPO, CAZAR INSECTOS, RECOLLER
FLORES E PLANTAS E DEBUXAR TODO O QUE VÍA.


DE MAIOR TRABALLOU DE PROFESOR ATA QUE DECI-
DIU DEDICARSE Á PINTURA QUE ERA O QUE MÁIS
LLE GUSTABA. FOI A VIVIR A PARÍS ONDE COÑECEU
A OUTROS ARTISTAS COMO PAUL GAUGUIN.




AS CORES DOS SEUS CADROS PASARON DE SER MA-
RRONS E OSCUROS A TONALIDADES MOI VIVAS E
INTENSAS. OS PAI-
SAXES, OS RETRATOS E
AS FLORES SEMPRE FO-
RON OS SEUS CADROS
PREFERIDOS.



PINTOU MÁIS DE 900 OBRAS.




SOMOS UNS
ARTISTAS....









AS NOSAS OBRAS
DE ARTE....



O CONTO DA PAZ

ÉRASE UNHA VEZ...

UNS NENOS E UNHAS NENAS MOI TRABALADORES E AOS QUE LLES ENCANTABA MIRAR O CALENDARIO  PARA VER QUE ACONTECEMENTOS SE ÍAN PRODUCIR EN CADA MES: OS ANIVERSARIOS , A FESTA DO OUTONO , O FESTIVAL DO NADAL  ...

PERO AO CHEGAR XANEIRO, VIRON NO DÍA  UN DEBUXO DUNHA POMBA. ALGÚN NENO CHAMÁBALLE O DÍA DAS POMBAS, PERO OUTROS NENOS LERON O QUE POÑÍA NESE DÍA: **DÍA DA PAZ**, PERO NON SABÍAN O QUE SE CELEBRABA EXACTAMENTE. ENTÓN DECIDIRON INVESTIGAR  COA AXUDA DAS SÚAS FAMILIAS O QUE SIGNIFICABA ESA PALABRA TAN BONITA: **PAZ** .

E A CONTINUACIÓN RECOLLEMOS NESTE CONTO  TODA ESTA INFORMACIÓN:


A PAZ É AMOR E SOLIDARIDADE.



A PAZ É RESPECTO POLOS DEMÁIS, VALORANDO AS SÚAS OPINIÓNS, CRENZAS E COSTUMES PARA VIVIR SEN PELEXAS E SEN GUERRAS.




A PAZ É CANDO A XENTE
NON TEN DISPUTAS E
VIVEN EN HARMONÍA.



A PAZ É UN MUNDO
SEN GUERRAS.




A PAZ É QUE TODOS OS NENOS
TEÑAN UN FOGAR CUNHA
FAMILIA QUE OS COIDE, E CHEO
DE PAZ E TRANQUILIDADE.



A PAZ É NON
PELEXARNOS E SER
TODOS AMIGOS, E
AXUDARNOS.



O MÁIS IMPORTANTE
DO MUNDO É SABER
RESPECTARNOS TODOS.




LA PAZ ES MUY DIVERTIDA
Y HAY QUE SER AMIGOS Y
DAR AMOR.







A PAZ É APRENDER A
COMPARTIR, NON PELEXAR
E VIVIR EN CALMA.



A PAZ É SER BOS E
COMPARTIR AS COUSAS.



A PAZ É CANDO NON HAI
GUERRAS NEN LIORTAS E
CANDO A XENTE NON PELEXA.



A PAZ É TER BOA RELACIÓN
ENTRE OS AMIGOS E NON
PELEARSE COS DEMÁIS.



AMOR Y CARIÑO TE DOY
RAMITA DE OLIVA
ME TRAE LA PALOMA
Y CONTENTA ME VOY.



F ASÍ FOI COMO ESTES NENOS E NENAS DESCUBRIRON O QUE SIGNIFICABA A PALABRA

PAZ, E DECIDIRON QUE ERA TAN TAN TAN IMPORTANTÍSIMA, QUE A

QUERÍAN QUE ESTIVERA SEMPRE CON ELAS E COS SEUS AMIGOS E AMIGAS!

E GOKORÁN GOKORADO...

ESTE CONTO SOBRE A **PAZ** ESTÁ REMATADO!!!



**Autores
e
ilustradores:**

Remes
SHEILA
brais
DARIO
Carla
Martín
Antía
Alba
JOSÉ ANTONIO
LUCIA
YAGO
Celia
ria

FIN

PRIMEIRO DE PRIMARIA

Atópanos nesta sopa de letras



CARLA

CANDELA

MARÍA

ELISEO

PAULA

DALIA

RODRIGO

MATEO

XIAO

ANTÍA

SEGUNDO DE PRIMARIA

OBRADOIRO DE CIENCIAS DE 2º

of

En Coñecemento do Medio aprendemos que as plantas necesitan auga, luz, aire e sales minerais para vivir. Para demostrar que a luz e a auga son moi importantes para a vida da planta, fixemos un experimento. Necesitamos: 1 cartolina, fixo, tesoiras, 1 vaso de iour, algodón, terra e un par de lentellas.

Primeiro mollamos o algodón e metémolo no vaso. Poñemos as sementes no medio do algodón para que chupe a auga e ao cabo duns días veremos como a semente rompe e comeza a saír unha plantiña. Temos que lembrarnos de botarlle todos os días unhas gotiñas de auga no algodón para que non se seque. Cando medre máis ou menos uns 9 ou 10 cm, transplantámola a outro vaso con terra. Cando medre un pouco máis e bote as follas, debuxamos un círculo e un rectángulo na cartolina para logo recortálos. Pegamos esas figuras axudándonos do fixo, para construír un cilindro aberto por un extremo. Para rematar, tapamos a planta con él e esperamos.

Logo duns días destapamos a planta e veremos como as follas están un pouco amarelas. Se o tapamos de novo e esperamos máis, a planta morre.



- Aroa
- Oscar
- Tatiana
- Carla
- Pablo
- Paula
- Nacho
- Alejandro
- Mateo

TERCEIRO DE PRIMARIA

BLANCANEVES E OS OITO ANANIÑOS

Había unha vez, unha rapaza moi amable e alegre que vivía en un fermoso lugar, chamado Razo.

Esta rapariga, chamábase Blancaneves e gustáballe moito viaxar. Cando se fixo maior decidiu que quería ser mestra, para ensinar un montón de cousas a todos os nenos e nenas.

Un día, nun dos seus viaxes, chegou a un lugar moi pequeno e frío pero con xente moi agradable e boa. Tiña certo encanto.

Cando comezou a coñecer a xente do lugar, deuse conta que todos se mostraban moi apenados, xa que os nenos do lugar quedaran sen unha das súas mestras favoritas xa que, esta, se tiña que ausentar para cuidar a súa pequena princesa durante un tempo.

Blancaneves, sentiuse comovida pola historia e decidiu quedarse no lugar, para poder ensinalle todo o posible a aqueles oito pequenos.




Os rapazes volveron de novo moi contentos a clase e con curiosidade por coñecer a súa nova mestra. A partir dese día, todos e todas se esforzaron e traballaron moito e así, conseguiron facer cousas maravillosas no colexio: convertéronse en actores, cantantes, pintores, contacontos, visitaron novos lugares, aprenderon matemáticas, linguas e novas cousas do medio. Todos foron moi felices xuntos durante o curso 2013 e 2014.

FIN





Íael Ángel Clara Noemí

Luc F.R. Brais Nuneza Claudia
3^o PRIMARIA





CUARTO DE PRIMARIA


A principio de curso Buluchi preguntámonos qué queríamos ser de maiores. O longo do ano aprendemos moitas cousas sobre as distintas profesións e oficios. Así sabemos que hai traballos pertencentes a tres sectores: primario, secundario e terciario. Nós quixemos saber a qué se dedicaron os nosos avós e a qué se dedican os nosos pais. Tamén qué queren ser de maiores os nenos deste colexio. Por iso fixemos varias enquisas e reflexións en gráficos que aprendemos a facer en Word.



Nenos



Nenas



QUINTO DE PRIMARIA

O Vento

Um día de outubro arxasíóns de que Xosé Neira Vilas viña a Correda e que nós íamos estar con el.

Pensamos no que podíamos facer para agasalalo e comezamos a buscar poemas, libros e documentos relacionados coa súa vida e obra. De supeto lembramos que no libro de música tiñamos unha canción cun poema de Neira Vilas e como nos gustaba ensinámola á profe e gustoulle.

Empesando a practicar e saliano ben e decidimos practicala tódolos días. Tamén pensamos en dárle un agasallo e comezamos a buscar na súa obra e atopamos "O espantallo amigo" e así fixemos; confeccionamos un espantallo reflexo do descrito no seu libro.

O vento unha noite
botouse a soar
con todos os folgos
que puido xentor

Bufaba tímido
ao longo do val
na cima dos cotos
e no piñeiral

Nas tellas
no alprense
na porta e
no lar

Textón sen acougo
veña fuxor,
pero trala noite
chegou a máis e
o vento ninchante,
deixou de bruar,
deixou de bruar,
deixou de bruar



Viaxe de Estudos (Cantabria - Asturias)

Este ano os nenos de 4º, 5º e 6º de primaria do colexio C.E.I.P. Celso Emilio Ferreiro, xunto cos alumnos de 5º e 6º do colexio C.E.I.P. Manuel Rivero de Lalín; fomos a Cantabria e Asturias.

O martes, día 20 de Maio, fomos á "Cueva del Soplao". Para entrar subimos nun tren antigo. Vimos estalagmitas e estalactitas. Aloxámonos nun hotel en Santa Cruz de Bezana.

O día 21 fomos ao "Parque de la Naturaleza de Cabárceno". Alí vimos moitos animais, por exemplo: osos, xirafas, gorilas, tigres... Despois fomos a un pobo chamado Liérganes, onde vimos unha antiga fábrica de canóns, casas de pedra con moitas flores... Despois de esta visita fomos a Villaviciosa onde nos aloxamos nun hotel de 3 estrelas.

O día 22 fixemos o descenso do Sella pola mañá; pola tarde fomos a un Rocódromo en Avións. Pasámolo moi ben.

De volta ao hotel, como íamos, tiñamos preparada unha festa sorpresa para despois da cea.

O venres pola mañá almorzamos moito porque marchamos cara Oviedo. Entramos nunha catedral preciosa. Pasamos por diante do teatro Campoamor. E despois, fixemos unha pequena ruta turística pola cidade. Logo, paramos para xantar. Así, receñ empezada a tarde, comezamos o regreso á Silva. Cando chegamos, despedímonos dos nosos amigos de Lalín.

Así rematamos a nosa viaxe de catro días.

Pasámolo tan ben que xa estamos pensando na viaxe do ano que ven.

Fin

AUTORES:

LAURA, ELISA, IKER, ANA, IRÍA E MIGUEL.

SEXTO DE PRIMARIA



Sabedes o que son os acrósticos? Aquí tedes uns exemplos deles feitos polos alumnos de 6º de Educación Primaria.

Os nosos acrósticos responden as seguintes preguntas:

Como son...?



Na clase gústame...



O que votarei de menos...



O momento máis especial no colexio



Mentres estiven no colexio o que máis me gustou foi ir e xogar cos amigos

As veces son un pouco traste e felador pero son creativo, bo e divertido

Rara vez castíganme sen recreo e iso gústame

Cando me vaia botarei de menos a Ángela, Teresa, Rafa, Agustín, Nieves, Casey (Bye, Bye), Silvia a cocifeira, Silvia a profe, María, Alberto (creo), Pepe, Susiño, Lucía, Francisco, Geli, as profesoras de Infantil e as substitut@s

O que tamén botarei de menos era os días de sol que compartíamos xuntos, eses, non volverán.

Tenho unha sorriso sempre.
Amorosa.
Her o ordenador e o portátil tactil.
Her ao recreo no medio da clase.
Amin parece que o meu mellor momento no colexio é cando estou cos meus amigos.
Na clase votarei de menos a Suso e a Ángela.
A, Thais e Brais voumas votar de menos porque non venien con nós ao instituto

JOVEN
AXUDAR
VER PELICULAS
IRO SUPER
ESTABOS MEUS AMIGOS
RAFA, SUSO, ANA PEPE, GELI
EA TODOS OS PROFES E MENOS

Son moi lista e divertida.
Organizada.
Reime moito.
As profes, porque non as vou ver.
Ytambin echare de menos los recreos.
Acompañera Thais, porque non vai a Cereda.

Tímida, inteligente e divertida.

Hai moitas cousas que me gustan, pero a que máis é cando facemos parvadas.

Aos meus compañeiros votáronos de menos porque os gusta moito, eles van a outros colexios e Bravis é máis en non os olvidámos.

In as excursións do cole tamén mala.

Sei que o mellor momento é cando estamos os meus compañeiros máis en ruír autobúis cantando cancións do deporte.

Boraste e divertíste

Ríreme cos meus amigos

As manualidades que facemos todos xuntos.

Síme a un colexio onde non van estar Martín, Marco, Tati, Sara, Ángela e Susa. Seguramente as cancións que compartimos no autobúis das excursións.



Moi alegre, amable, felicitador, responsable, coidado no meu traballo. Nunca me rindo cando me propoño algo. A miña familia non a cambian por nada.

Aulas en xeral gústanme todas menos a música e a política porque non é o meu tocador de teclado.

Recordárame a Bravis, a Tati e a Sara, a todos os profesores, como nos coñecemos, os meus amigos, os momentos caticos, as actividades que facen, a excursión e moitas cousas máis.

Tamén vai falar do meu mellor momento que foi unha actuación.

Iame esquecer outro gran acontecemento! Foi cando quise os premios de compañerismo e o do meu dúo e gratularlos porque? Pois é moi fácil así que fíronme moi difíciles de parir.

Non vos vou esquecer máis e daquela que quedades des a seguinte publicación.



Que vos parecen os nosos acrósticos?
Gústanvos?



Agora, é o voso turno.
Intentade facer un acróstico co voso nome.
Ánimo!!




Marchamos ao Instituto, pero nunca esqueceremos o noso paso por este colexio. Aquí chegamos sendo moi pequenos e despois duns anos, decimosvos **GRAZAS** e **ADEUS!!!** Volveremos de visita para contárvos que tal nos vai.



ACTIVIDADES CULTURAIS

VISITA AO AQUARIUM E Á DOMUS

O 14 de outubro visitamos os museos científicos, nesta ocasión o Aquarium Fisterrae e a Domus.



CURSO DE PRIMEIROS AUXÍLIOS

O día 16 de outubro participamos nun curso de Primeiros Auxlios.



RECIBIMOS A NEIRA VILAS

O día 17 de outubro tivemos o pracer de contar coa presenza do escritor galego Don Xosé Neira Vilas.



VISITAMOS UNHA PANADERÍA

O día 25 de novembro o alumnado de Educación Infantil visitou a Panadería Da Cunha na que elaboraron o seu propio pan.



VISIJA A BONILLA E A VOZ

O 25 de novembro o alumnado de Primaria visitou as instalacións de Bonilla e da Voz de Galicia.



VISIJA Á BARRIÉ E Á MUNCIP

O 18 de marzo o alumnado de primaria visitou a Fundación Barrié en sesión de mañá e pola tarde acudiron ao Museo de Ciencia e Tecnoloxía.



VISITA ÁS BRAÑAS DE VALGA

O día 23 de maio o alumnado de infantil visitou o museo das Brañas de Valga en Mesía.



ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA

Buenos chicos remata outro curso. Esta vez adicámolo ás OFICIOS E PROFESIONS. Eu non tiña nada claro que ia ser de maior. Exmerástevos moito para acudirarme, e agora, ca o teño algo máis claro, algún día vós contarei. Imos lembrar os vosos traballos.



AMBIENTACIÓN DA BIBLIOTECA E DECORACIÓN DAS PORTAS



O LIBRO VIAXEIRO



E ademais festexamos outras datas importantes, como o DIA DA BIBLIOTECA, no que Pepe leu a todos o conto "Había una vez... una gota de lluvia" e houbo uns regalinhos para cada un de vos.



E tamén o DIA DO LIBRO, no que o contador de contos o profe Pepe, volveu ler outro conto "No quiero verte mád" e ademais celebramos que limos moito. As páxinas que fomos lendo, iámolas reflexando no TERMÓMETRO DA LECTURA, no que tiñamos que conseguir ler

82.000 páxinas entre todos E conseguimoslo!


Somos uns campións! Temos que seguir así!



Non podemos esquecer a celebración do DIA DA PAZ, na que baixo o lema de TODOS SOMOS IMPORTANTES, fixemos unhas simpáticas fotos e tivemos tamén un concurso de contos pola paz.



Tamén o pasamos xenial coas LECTURAS APADRINADAS, nas que un maior
lía a un máis pequeno un conto. Encantounos a experiencia, deberíamos
repetila.



Gustoume moito todo o que fixestes, espero que tanto como a vós.
Espéronos para o curso que vén! Disfrutade do verán! Bicos para todos!

QUERES QUE CHO CONTEN?

CEIP Celso Emilio Ferreiro- A Silva



VIAXE A CANTABRÍA E ASTURIAS

Os días 20, 21, 22 e 23 tivo lugar a excursión a Cantabria e Asturias acompañados polas mestras Silvia e Lucía.



SIMULACRO DE EVACUACIÓN

O día 29 de maio tivo lugar o Simulacro de Evacuación Anual.



ACTIVIDADES DEPORTIVAS

CAMPO A TRAVÉS XOGADE-XUNTA GALICIA.

O 10 de xaneiro, asistimos a TOURO para participar no Campo A Través zonal que organiza a Xunta.



MINIOLEMPIADAS "XOVES OLÍMPICOS"

Ao longo do curso e nos primeiros recreos dos xoves celebramos os xoves olímpicos nos que profesores e alumnos compartimos equipos.




LIGAS DE XADREZ

Tamén levamos a cabo dúas ligas de xadrez das que tanto os mestres Pepe como Francisco foron os auténticos artífices, entrenadores e árbitros.



A YA O VINDEIRO ANO





DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

LETRAS GALEGAS